

### INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DO 5 DE OUTUBRO DE 2018 SOBRE O RÉXIME RETRIBUTIVO NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVIZO DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

O Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (B.O.E. do 14 de xullo de 2012), regulaba e limitaba, no seu artigo 9, os complementos retributivos que os traballadores e traballadoras poderían percibir na situación de incapacidade temporal.

Porén, a Lei 6/2018, de 3 de xullo de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018 (BOE nº 161 do 4 de xullo), na súa disposición adicional quincuaxésima cuarta, abre a posibilidade a cada Administración Pública de regular o seu propio réxime retributivo para o persoal na situación de incapacidade temporal.

Como alicerce da decisión que poida adoptarse en cada administración pública, o punto catro da disposición adicional referida, esixe as seguintes garantías: *“Cada Administración Pública deseñara un plan de control do absentismo, que deberá ser obxecto de difusión pública, a través do respectivo Portal de Transparencia. No antedito portal serán igualmente obxecto de publicación os datos de absentismo, clasificados pola súa causa, cunha periodicidade polo menos semestral.”*

Por outra banda, o II Convenio Colectivo do PAS laboral de Universidade de Vigo establece no artigo 55.4: *“Incapacidade temporal. A universidade completará as percepcións do traballador durante a situación de incapacidade temporal ata o 100% das súas retribucións mensuais durante os 18 meses da incapacidade temporal.”*

Por último, na cláusula terceira do acordo entre a Xerencia e a Xunta de PAS Funcionario do 24/05/2007, estipúlase: *“As cláusulas do convenio colectivo aplicables ó persoal laboral da Universidade de Vigo que atinxan a “Vacacións, permisos e licenzas”, “Xornada e horario de traballo”, “Fomento de emprego”, “Asistencia social e acción social”, “Dereitos de representación colectiva do persoal”, “Formación e perfeccionamento do persoal” ou calquera outra norma legal ou convencional que lles sexa imputable e que teña relación directa ou indirecta cos dereitos sociais do persoal afectado polo ámbito de aplicación do convenio colectivo, aplicaráselle automaticamente, previa solicitude formulada pola Xunta de Persoal Funcionario de administración e servizos, a todo o persoal funcionario da Universidade de Vigo en canto as mesmas supoñan unha mellora das condicións que normativa o convencionalmente corresponden ós funcionarios de administración e servizos da Universidade de Vigo.”*

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1800001591

CSV

GEISER-def3-f3b9-ab06-455c-ba28-deaa-533a-8cf0

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

05/10/2018 12:25:06 Horario peninsular

Validez del documento

Original



En función do descrito a Universidade de Vigo, concluído o proceso negociador coas seccións sindicais, aplicará o contido da normativa referida, adoptando as seguintes medidas:

## **PRIMEIRA: PERSOAL INCLUÍDO NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL.**

A Universidade de Vigo complementará, durante todo o período de duración da incapacidade temporal (365 días), incluída a súa prórroga (180 días), a todo o seu persoal, funcionario, laboral e persoal laboral de proxectos e convenios, con excepción dos/as bolseiros/as, a prestación por incapacidade temporal que corresponda no réxime xeral da Seguridade Social, ata alcanzar o cen por cen das súas retribucións do mes de inicio da incapacidade temporal.

Cando o abono do subsidio de incapacidade temporal (I.T.) sexa realizado directamente polo I.N.S.S., e non mediante pago delegado, o persoal deberá solicitar ante a Xerencia o abono do complemento da I.T, acompañada da resolución do I.N.S.S. na que se lle recoñece o importe da prestación, aos efectos do cálculo polo Servizo de Retribucións e Seguros Sociais do referido complemento.

## **SEGUNDA: PERSOAL ENCADRADO NOS RÉXIMES ESPECIAIS DE SEGURIDADE SOCIAL DO MUTUALISMO ADMINISTRATIVO.**

Establécese para todo o persoal funcionario incluído no Réxime de Mutualismo Administrativo (MUFACE) ao servizo da Universidade de Vigo, en situación de incapacidade temporal ao que se lle expedise a correspondente licenza, que as retribucións a percibir durante o período que non comprenda a aplicación do subsidio por incapacidade temporal previsto no dito Réxime, sexan do cen por cen das retribucións, básicas e complementarias, correspondentes ás retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal; estándose ao previsto na súa actual normativa reguladora para o período de tempo no que xa se aplique o subsidio por incapacidade temporal contemplado no Réxime de Mutualismo Administrativo.

## **TERCEIRA: PLAN DE CONTROL DO ABSENTISMO.**

Dispónse un prazo máximo de 6 meses, a contar desde a data de efectividade desta instrución, determinado na medida cuarta, para que a Xerencia e os Axentes Sociais negocien o Plan de Control do Absentismo do persoal da Universidade de Vigo que, necesariamente incluírá a súa publicación, no antedito prazo, no Portal de Transparencia.

**ÁMBITO- PREFIJO****GEISER**

Nº registro

**00008735s1800001591****CSV****GEISER-def3-f3b9-ab06-455c-ba28-deaa-533a-8cf0****DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN****https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida****FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO****05/10/2018 12:25:06 Horario peninsular****Validez del documento****Original**

## CUARTA: EFECTIVIDADE DA INSTRUCIÓN.

Considerando o carácter non sancionador e favorable aos dereitos do persoal afectado por estas medidas, implántanse os efectos desta instrución, para todas as situacións de incapacidade temporal acaecidas desde o 1 de setembro de 2018.

## QUINTA: DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Quedan derogadas todas aquelas normas de igual ou inferior rango que contraveñan o establecido nesta e, expresamente:

- A Instrución do 30 de outubro de 2012 da Xerencia da Universidade de Vigo sobre a aplicación do previsto no artigo 9 do Real Decreto-Lei 20/2012 do 13 de xullo.
- O punto 4 das Normas de aplicación da instrución xerencial do 30 de outubro de 2012: seguimento de ausencias do traballo e tramitación de partes médicos.

Vigo, 5 de outubro de 2018  
A XERENTA

A Xerenta

Raquel María Souto García

Firmado digitalmente por 33277946M  
RAQUEL MARIA SOUTO (R-Q86500028)  
Nombre de reconocimiento (DN):  
2.5.4.13=Ref:AEAT/AEATO390/PUESTO  
1/36889/17072018/1140,  
serialNumber=DNES:33277946M,  
givenName=RAQUEL MARIA, sn=SOUTO  
GARCIA, cn=33277946M RAQUEL MARIA  
SOUTO (R-Q86500028), 2.5.4.0/1=VATES-  
Q86500028, o=UNIVERSIDADE DE VIGO,  
c=ES  
Fecha: 2018.10.05 09:03:38 +02'00'

SECRETARIA XERAL  
XEFA SERVICIO DE RETRIBUCIÓNS E SEGUROS SOCIAIS  
XEFE DE PAS  
XEFE DE PDI  
PRESIDENTES/AS DOS ORGANOS DE REPRESENTACIÓN DO PAS  
PRESIDENTES/AS DOS ORGANOS DE REPRESENTACIÓN DO PDI

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

00008735s1800001591

CSV

GEISER-def3-f3b9-ab06-455c-ba28-deaa-533a-8cf0

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

05/10/2018 12:25:06 Horario peninsular

Validez del documento

Original

